

**ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE OUTUBRO DO 2020.****Sesión 12/2020-P**

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p><u>NON ASISTEN</u> D^a María Luísa Rúa Prieto</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIA</u> D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.02 horas do día xoves 29 de outubro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión telemática ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno ordinario telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra á Secretaria, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (sesións núms. 9 e 10/2020).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación asistentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 09/2020, do 24 de setembro; e 10/2020, do 5 de outubro.

Toma a palabra a Sra. García Freire para expresar que na acta núm. 10/2020, do 10 de outubro, existe un erro de



transcrición na páx. 7, xa que falta a expresión “salvo causas de forza maior” e un verbo no último parágrafo, de maneira que onde di “A sra. García Freire (PP) comeza indicando que logo de que o informe da Xunta de Galicia exima da efectiva achega municipal, a Deputación Provincial da Coruña concede 226.411,43.- euros e o Concello de Sada comprométese a unha achega de 56.600.- euros, que non os ten que poñer, porque xa os puxo no Sada Activa, e plantexa a dúbida de que nas bases da mesma se indica que se realizará o pagamento no prazo máximo de 90 días, e lembra que a Secretaria tivera informado que estas bases eran nulas de pleno dereito, polo que se pregunta se os autónomos sen os cartos da Deputación, polo que eles entenden que debería desligarse un plan do outro, pero anuncia que o seu grupo votará a favor” debe dicir “A sra. García Freire (PP) comeza indicando que logo de que o informe da Xunta de Galicia exima da efectiva achega municipal, a Deputación Provincial da Coruña concede 226.411,43.- euros e o Concello de Sada comprométese a unha achega de 56.600.- euros, que non os ten que poñer, porque xa os puxo no Sada Activa, e plantexa a dúbida de que nas bases da mesma se indica que se realizará o pagamento no prazo máximo de 90 días, salvo **causas de forza maior**, e lembra que a Secretaria tivera informado que estas bases eran nulas de pleno dereito, polo que se pregunta se os autónomos sen os cartos da Deputación, polo que se pregunta se os autónomos **non se quedarán** sen os cartos da Deputación, polo que eles entenden que debería desligarse un plan do outro, pero anuncia que o seu grupo votará a favor”.

Lle pide ao Sr. Alcalde que aclare se o establecido a continuación na acta referido a 2/3 está ben.

O Sr. Alcalde di que, aínda que non é procedente no punto de aprobación de actas, refírese a que das axudas da Deputación, en base ás solicitudes, o Concello aportará aproximadamente 2/3 e a Deputación aproximadamente 1/3, aínda que son cifras aproximadas.

A continuación intervén a Sra. Pardo Fafián para sinalar que na acta núm. 09/2020, do 24 de setembro, na páxina 5, no punto 4, cando se resume a intervención do Sr. Alcalde lle falta engadir que “con Costas xa estaban falando” porque iso fai alusión ao sinalado polo seu grupo, de maneira que onde di “O Presidente, concordando plenamente co exposto polo grupo Socialista, entende que si se vai xerar unha maior desigualdade aínda porque uns han estar exentos mentres que outros han pagar, e ademais contías máis altas e por menos tempo. Di que antes de levar ao Pleno o Plan Especial do Porto queren manter unha reunión coa Presidenta de Portos para aclarar moitas cousas e entre elas esta de tratar de equiparar as terrazas, as concesións, ás do resto do pobo” debe dicir “O Presidente, concordando plenamente co exposto polo grupo Socialista, entende que si se vai xerar unha maior desigualdade aínda porque uns han estar exentos mentres que outros han pagar, e ademais contías máis altas e por menos tempo. Di que antes de levar ao Pleno o Plan Especial do Porto queren manter unha reunión coa Presidenta de Portos para aclarar moitas cousas e entre elas esta de tratar de equiparar as terrazas, as concesións, ás do resto do pobo, e con **Costas xa estaban falando**”.

A Secretaria di que o que é un resumo e as intervencións literais contéñense na gravación do pleno, que integra tamén a acta.

Non habendo intervencións máis intervencións, queda aprobada por unanimidade dos asistentes a acta da sesión 09/2020 e por a 10/2020 apróbase por tódolos concelleiros integrantes do pleno a excepción dos do PSOE, que se absteñen porque non asistiron á sesión, coas modificacións indicadas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32/20. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03/20: EXECUCIÓN SENTENCIA PA 23/2019 XCA Nº 3 DE A CORUÑA.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 10/2020, do 22 de outubro, que recolle:



<<Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 32/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 1.019.253,66 € . :

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
2310.62100	Asistencia social primaria. Terreo e bens naturais	1,019,253.66
TOTAL		1,019,253.66

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	1,019,253.66
TOTAL		1,019,253.66

Segundo.- Disponer, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor>>.

Seguidamente, a secretaria dá conta de que foi presentada unha emenda pola Alcaldía, da que se deu traslado o día de hoxe, que modificaría o acordo a adoptar, na que se recolle:

**<<MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32 /2020
CRÉDITO EXTRAORDINARIO 03 /2020: EMENDA**

A efectos de executar a sentenza recaída no procedemento P.A. 23/2019 seguido no Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña contra a inactividade do Concello na execución do acordo do Xulgado de Expropiación de Galicia de 30.06.16, esta alcaldía iniciou expediente de modificación de crédito nº 32/2020 que habilitaba crédito orzamentario para o pagamento da cantidade de 1.019.253,66 euros correspondente ao principal e intereses pola diferenza entre a valoración realizada polo Concello de Sada na expropiación da finca con referencia catastral 8707803NJ5080N0001TX e a finalmente fixada polo Xurado de Expropiación de Galicia no dito acordo.

Tendo en conta os seguintes feitos:

Primeiro: No expediente de modificación de crédito 32/2020 consta informe da intervención municipal referencia JPB243/2020 no que en función da incerteza que a situación orixinada polo COVID-19 plantexa sobre os ingresos e gastos municipais de cara aos vindeiros exercicios conclúese:

“Vistas as consideracións realizadas pode valorarse polo Goberno municipal a posibilidade de solicitar, en aplicación do artigo 106.4 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosoadministrativa, un xeito alternativo de execución menos gravoso que permítase ao Concello un pago fraccionado para non esgotar nestes exercicios de incerteza financeira o colchón que supón o RTGX. Esta decisión debe ter en conta por unha banda o mantemento do grao de solvencia e liquidez que supón o fraccionamento dos pagos, e por outra as elevadas cargas financeiras derivadas dos mesmos.”

Segundo: Por acordo do Xurado de Expropiación de Galicia de data 30.06.16 fíxase tamén o valor doutra finca de referencia catastral 8707804NJ5080N0001FX na cantidade de 459.381,14 € ; existindo unha diferenza a favor do propietario de 388.976,04 euros en relación cos 70.405,10 euros da valoración realizada no expediente de expropiación municipal. A día de hoxe o acordo está pendente de execución.

Terceiro: O Concello de Sada solicita a revisión de oficio dos acordos de valoración das parcelas de referencia adoptado polo Xurado de Expropiación de Galicia, presentando recurso contenciosoadministrativo no TSXG contra a resolución do 24.10.19 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que as inadmite. Na actualidade este procedemento está pendente de resolución.

Cuarto: As necesidades da veciñanza derivadas da situación orixinada polo COVID-19 van a facer imprescindible contar con máis recursos que os que proporcionen os ingresos ordinarios municipais previstos para os próximos exercicios, entendéndose axeitado contar co RTGX como fonte de financiamento. Por outra banda, dadas as hipotéticas dificultades para o seu reembolso, debe considerarse prudente tentar atrasar os pagamentos en tanto non finalicen todos os procedementos xudiciais a través dos que o Concello tenta facer valer os seus intereses en relación coas valoracións das expropiacións referidas. A vista do exposto elaborouse un plan de fraccionamento dos pagos (anexo I) que inclúe os relativos á finca referencia catastral 8707803NJ5080N0001TX, que deberán ser sometidos a validación xudicial a través de tramite procesal previsto no artigo 106.4 LXCA, pero tamén os debidos en relación coa finca de referencia catastral 8707804NJ5080N0001FX. Todo elo por considerar esta opción a máis favorable a pesar do



incremento dos custos financeiros que o aprazamento vai supoñer Preséntase emenda á proposta de modificación de crédito 32/2020 nos seguintes aspectos:

1. O destino do crédito extraordinario sería afrontar os abonos incluídos no plan de pagamento que se xunta relativos ao principal e interese pola diferenza na valoración das fincas referencias catastrais 8707803NJ5080N0001TX e 8707804NJ5080N0001FX realizada polo concello de Sada e a finalmente fixada polo Xulgado de Expropiación de Galicia en acordos do 30.06.16
2. Os importes a incluír no expediente refírense as cantidades previstas no plan de pagamento (anexo 1) para a anualidade 2020.
3. Os requisitos previstos na normativa relativa a créditos extraordinarios e acreditados no expediente con carácter previo á presentación da presente emenda seguen a cumprirse.

Polo que en base ao exposto a emenda deixaría o acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 32/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 446.604,37 €.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
2310.62100	Asistencia social primaria. Terreos e bens naturais	446,604.37
TOTAL		446,604.37

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	446,604.37
TOTAL		446,604.37

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña (P.A. 23/2019) aos efectos do previsto no artigo 106.4 da LXCA, quedando por tanto condicionada súa execución ao que se resolva ou, de ser o caso, homologue polo mesmo>>.

O Presidente explica e contextualiza a emenda presentada.

Debátase, coas intervencións da sra. Nogareda, do grupo municipal de Alternativa dos Veciños; a sra. Reimúndez, do grupo municipal do BNG; o sr. Blanco Montero, do grupo municipal Socialista; a sra. García, do grupo municipal do PP, quen anuncia a abstención do seu grupo; e do Presidente.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación da emenda, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 32/2020, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás



aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 446.604,37 €.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
2310.62100	Asistencia social primaria. Terreos e bens naturais	446,604.37
TOTAL		446,604.37

Estado de ingresos

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	446,604.37
TOTAL		446,604.37

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña (P.A. 23/2019) aos efectos do previsto no artigo 106.4 da LXCA, quedando por tanto condicionada súa execución ao que se resolva ou, de ser o caso, homologue polo mesmo.

3º.- MODIFICACIÓN ROM.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 10/2020, do 22 de outubro, que recolle:

<<**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal consistente na introdución das seguintes disposicións adicionais:

“Disposicións Adicionais

Primeira. Do funcionamento dos órganos Colexiados a distancia.

Todos os órganos Colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, co obxectivo de permitir a asistencia dos seus membros de forma non presencial, adaptando ao ámbito municipal a posibilidade aberta pola Lei 40/2015. En base á potestade de auto-organización da Administración local, poderase permitir que as sesións dos órganos Colexiados das Entidades Locais poidan levar a cabo por medios electrónicos e telemáticos, podendo darse dúas situacións:

- Celebración das sesións dos órganos Colexiados en situacións excepcionais.
- Celebración das sesións dos órganos Colexiados en situacións non excepcionais. A celebración das citadas sesións con carácter telemático xerará o dereito de indemnización por asistencia á sesión que acordase o Pleno da Corporación nos acordos pertinentes.

Segunda. Da celebración das sesións dos órganos Colexiados en situacións excepcionais.

O funcionamento das sesións dos órganos Colexiados do Concello poderá levar a cabo a distancia a través de medios electrónicos sempre que se dean as circunstancias excepcionais contempladas no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Para iso, é necesario que o alcalde ou presidente, ou quen validamente lles substitúan ao efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, deixe constancia da concorrencia dalgunha das situacións excepcionais seguintes:

- Forza maior.



- Grave risco colectivo.

- Catástrofes públicas.

Para a válida constitución e celebración das sesións por medios electrónicos e telemáticos, os membros participantes deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade. Para iso, acreditarase a identidade de cada un dos asistentes mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico. Deberase asegurar a comunicación entre os membros participantes en tempo real durante a sesión, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Terceira. Da celebración das sesións dos órganos colexiados en situacións non excepcionais.

Ademais da celebración destas sesións nos supostos excepcionais previstos no artigo anterior, permitirase a celebración de sesións dos órganos colexiados non representativos, e por tanto puramente administrativos, a distancia a través de medios electrónicos, en aras de flexibilizar o lugar no que poden celebrarse as sesións e co obxectivo de facer cumprir co dereito de participación e o exercicio do ius officium que consagra o artigo 23.2 da Constitución Española. A celebración de sesións dos órganos colexiados de goberno (Pleno e Xunta de Goberno Local), a distancia a través de medios electrónicos, en situacións non excepcionais, poderá realizarse sempre que exista unha norma con rango de Lei que habilite para iso.

Poderanse dar dous supostos:

- Celebración íntegra da sesión do órgano colexiado a distancia a través de medios electrónicos.

- Celebración parcial da sesión do órgano colexiado a distancia a través de medios electrónicos, porque a asistencia dalgún dos membros ou secretario ou interventor véxase impedida por concorrer algunha das seguintes circunstancias:

* Baixa.

* Permiso ou situación asimilada por maternidade ou paternidade.

* Embarazo.

* Enfermidade grave.

* Recomendación médica de repouso domiciliario.

Deberase acreditar documentalmente as ditas circunstancias por escrito dirixido ao Alcalde e secretaría e cunha antelación á sesión de polo menos 12 horas.

Cuarta. Forma de celebración das sesións.

O medio electrónico polo que levarán a cabo as sesións dos órganos colexiados a distancia será a vídeo-conferencia, que permitirá unha identificación visual do asistente. Este sistema de vídeo-conferencia deberá xerar un ficheiro coa gravación audiovisual da sesión. O ficheiro xerado deberá cumprir uns estándares de autenticidade, para iso poderanse obter unha serie de evidencias tecnolóxicas que garantan o fiel reflexo do que se tratou na sesión. Estas evidencias deberán permitir garantir:

1. Que o ficheiro é o orixinal e que por tanto recolle con veracidade o contido da sesión.

2. Que este non se pode modificar ou alterar por terceiros.

3. Deberá garantir no tempo e de forma segura, a súa accesibilidade, a súa custodia e conservación, tanto do ficheiro da gravación audiovisual como das evidencias tecnolóxicas obtidas para garantir a súa autenticidade, conforme aos requisitos establecidos no Esquema Nacional de Seguridade.

Ademais, co obxectivo de que non poida ser alterado, o ficheiro da gravación audiovisual que se xera, xunto coas diferentes evidencias tecnolóxicas que garantan a súa autenticidade, deberán formar parte do expediente electrónico.

Para certificar a autenticidade da sesión celebrada por medios electrónicos e garantir a seguridade do ficheiro xerado, poderanse obter uns hash ou pegadas dixitais que permitan identificar de forma inequívoca o ficheiro de gravación audiovisual da sesión telemática, asinar e selar electronicamente as evidencias obtidas, incorporar unha serie de metadatos á gravación audiovisual, custodiar o ficheiro da gravación audiovisual e as súas evidencias de forma segura, ou outras operacións de índole similar.

Quinta. Sistema de identificación de asistentes.

Para a válida constitución e celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia a través de medios electrónicos e telemáticos, os membros que participen nestas sesións deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade.

Para iso, acreditarase a identidade de cada un dos asistentes, ben mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico, ben polo Secretario Xeral do Concello, mediante a previa remisión ou a exhibición directa de documentación, por coñecemento persoal ou por calquera outro medio que o Secretario Xeral considere idóneo.

Sexta. Desenvolvemento da sesión.

Fixada a hora de inicio da sesión, os membros que participen nas mesmas deberán estar dispoñibles dez minutos antes, co fin de que por parte de Secretaría constátase o quórum necesario para o desenvolvemento da sesión. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión polo que deberá darse fe da identidade dos membros por parte da Secretaría. Constatado o quórum pola Alcaldía iniciará a sesión. A Alcaldía tomará a palabra ao comezo de cada punto, moderando a quenda de intervencións e cedendo á súa vez a palabra aos concelleiros que así o soliciten de forma inequívoca, a fin de que se desenvolva o debate con normalidade de acordo coas regras xerais



reguladoras do desenvolvemento dos Plenos.

Durante toda a sesión, deberase asegurar a comunicación entre os membros participantes en tempo real, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

No caso de que, durante o transcurso da sesión, a comunicación para algún dos asistentes véxase interrompida por fallos técnicos, considerarase como abandono do salón de sesións da Casa Consistorial.

Poderanse presentar dúas situacións:

1. *Desconexión puntual*: se a falta de conexión é puntual, de forma que se perde, pero recupérase pasados uns instantes, por parte de Secretaría consígnase na acta esta situación, con indicación da hora á que se produce a ausencia virtual da sesión e a hora a que se produce o reingreso.

Así, poderanse dar diferentes escenarios atendendo ao momento exacto no que se produce a desconexión:

a) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez iniciada a votación, o asistente á sesión non poderá votar, polo que computará o seu voto como abstención. Ademais, apuntarase na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación (o artigo 98.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que iniciada a votación ningún membro corporativo pode ingresar nin abandonar a sesión).

b) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez finalizada a votación, o voto do asistente á sesión tamén computará como abstención.

c) Se se produce a desconexión unha vez iniciada a votación, se o asistente á sesión votou, cabe entender que o seu voto é válido, se non votou, computará como abstención.

d) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase durante o transcurso de varios puntos da orde do día despois, no punto en que se produce a desconexión, o voto do asistente á sesión computará como abstención. Nos puntos nos que perdure desconectado, nin votará nin computará o seu voto, simplemente permanecerá como ausente, sendo a votación o resultado dos votos favorables, contrarios e abstencións dos asistentes.

e) Cando se recupere a conexión, ingresarase na sesión no punto da orde do día en que esta se atope. Se non se comezou aínda a votación, poderá votar con toda normalidade. Se comezou a votación, o asistente á sesión non poderá votar, pero computará como abstención, indicándose na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación.

2. *Desconexión definitiva*: a desconexión definitiva equiparase ao abandono definitivo da sesión. Neste caso, poderanse presentar os seguintes escenarios:

a) Se a desconexión prodúcese unha vez iniciado un punto da orde do día e xa non se recupera, indícase na acta. En canto á votación dese punto, computará como abstención. No resto dos puntos, non computará a votación.

b) Se a desconexión prodúcese unha vez acabado un punto da orde do día, pero antes de iniciarse o seguinte, e xa non se recupera, igualmente reflectirase na acta sen que compute desde ese momento, a ningún efecto.

Se durante a sesión prodúcese a desconexión puntual do alcalde, secretario ou un grupo maior do terzo legal de concelleiros automaticamente considerarase un receso que se restablecerá en canto se recupere a conexión, e que de persistir no tempo suporá un aprazamento da sesión ata que se fixe novo día e hora polo Alcalde.

Sétima. Sistema de emisión do voto.

Para que poida garantirse o sentido do voto das decisións que se tratan nas sesións, e ao obxecto de que non se produzan erros técnicos, óptase por levar a cabo un sistema de votación individual que consistirá en preguntar, por parte de Secretaría, a cada un dos asistentes o sentido do seu voto (a favor, en contra ou abstención), de maneira que por parte de Secretaría verifíquese a autenticidade de cada unha das manifestacións feitas polos membros asistentes, á vez que deixa constancia diso.

Unha vez constatado o resultado das votacións, por parte de Secretaría informarase en voz alta do quórum obtido, sen prexuízo de que posteriormente por parte de Alcaldía verifíquese se se entende aprobado ou non o acordo.

Durante todo o proceso de votación, deberá garantirse a autenticidade do voto e a liberdade para emitilo.

Oitava. Do carácter público das sesións.

Para dar cumprimento ao carácter público das sesións e sempre que sexa posible estas poderán ser retransmitidas en streaming para a cidadanía a través da sede electrónica do Concello e nas redes sociais do municipio.

En calquera caso, unha vez terminada, publicitarase o vídeo da sesión na páxina web do concello".

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran>>.

A sra. Taibo, concelleira delegada de Administración Local, fai unha exposición e solicita o voto favorable.

Debátase, coas intervencións da sra. Nogareda, do grupo municipal de Alternativa dos Veciños; a sra. Reimúndez, do grupo municipal do BNG; a sra. Pardo, do grupo municipal Socialista; a sra. Salorio, do grupo



municipal do PP; e do Presidente. A secretaria tamén fai algunhas aclaracións.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal consistente na introdución das seguintes disposicións adicionais:

“Disposicións Adicionais

Primeira. Do funcionamento dos órganos colexiados a distancia.

Todos os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, co obxectivo de permitir a asistencia dos seus membros de forma non presencial, adaptando ao ámbito municipal a posibilidade aberta pola Lei 40/2015. En base á potestade de auto-organización da Administración local, poderase permitir que as sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais poidan levar a cabo por medios electrónicos e telemáticos, podendo darse dúas situacións:

- Celebración das sesións dos órganos colexiados en situacións excepcionais.
- Celebración das sesións dos órganos colexiados en situacións non excepcionais. A celebración das citadas sesións con carácter telemático xerará o dereito de indemnización por asistencia á sesión que acordase o Pleno da Corporación nos acordos pertinentes.

Segunda. Da celebración das sesións dos órganos colexiados en situacións excepcionais.

O funcionamento das sesións dos órganos colexiados do Concello poderá levar a cabo a distancia a través de medios electrónicos sempre que se dean as circunstancias excepcionais contempladas no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Para iso, é necesario que o alcalde ou presidente, ou quen validamente lles substitúan ao efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, deixe constancia da concorrencia dalgunha das situacións excepcionais seguintes:

- Forza maior.
- Grave risco colectivo.
- Catástrofes públicas.

Para a válida constitución e celebración das sesións por medios electrónicos e telemáticos, os membros participantes deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade. Para iso, acreditarase a identidade de cada un dos asistentes mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico. Deberase asegurar a comunicación entre os membros participantes en tempo real durante a sesión, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Terceira. Da celebración das sesións dos órganos colexiados en situacións non excepcionais.

Ademais da celebración destas sesións nos supostos excepcionais previstos no artigo anterior, permitirase a celebración de sesións dos órganos colexiados non representativos, e por tanto puramente administrativos, a distancia a través de medios electrónicos, en aras de flexibilizar o lugar no que poden celebrarse as sesións e co obxectivo de facer cumprir co dereito de participación e o exercicio do ius officium que consagra o artigo 23.2 da Constitución Española. A celebración de sesións dos órganos colexiados de goberno (Pleno e Xunta de Goberno Local), a distancia a través de medios electrónicos, en situacións non excepcionais, poderá realizarse sempre que exista unha norma con rango de Lei que habilite para iso.



Poderanse dar dous supostos:

- Celebración íntegra da sesión do órgano colexiado a distancia a través de medios electrónicos.
- Celebración parcial da sesión do órgano colexiado a distancia a través de medios electrónicos, porque a asistencia dalgún dos membros ou secretario ou interventor véxase impedida por concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- * Baixa.
- * Permiso ou situación asimilada por maternidade ou paternidade.
- * Embarazo.
- * Enfermidade grave.
- * Recomendación médica de repouso domiciliario.

Deberase acreditar documentalmente as ditas circunstancias por escrito dirixido ao Alcalde e secretaría e cunha antelación á sesión de polo menos 12 horas.

Cuarta. Forma de celebración das sesións.

O medio electrónico polo que levarán a cabo as sesións dos órganos colexiados a distancia será a vídeo-conferencia, que permitirá unha identificación visual do asistente. Este sistema de vídeo-conferencia deberá xerar un ficheiro coa gravación audiovisual da sesión. O ficheiro xerado deberá cumprir uns estándares de autenticidade, para iso poderanse obter unha serie de evidencias tecnolóxicas que garantan o fiel reflexo do que se tratou na sesión. Estas evidencias deberán permitir garantir:

1. Que o ficheiro é o orixinal e que por tanto recolle con veracidade o contido da sesión.
2. Que este non se pode modificar ou alterar por terceiros.
3. Deberá garantir no tempo e de forma segura, a súa accesibilidade, a súa custodia e conservación, tanto do ficheiro da gravación audiovisual como das evidencias tecnolóxicas obtidas para garantir a súa autenticidade, conforme aos requisitos establecidos no Esquema Nacional de Seguridade.

Ademais, co obxectivo de que non poida ser alterado, o ficheiro da gravación audiovisual que se xera, xunto coas diferentes evidencias tecnolóxicas que garanten a súa autenticidade, deberán formar parte do expediente electrónico.

Para certificar a autenticidade da sesión celebrada por medios electrónicos e garantir a seguridade do ficheiro xerado, poderanse obter uns hash ou pegadas dixitais que permitan identificar de forma inequívoca o ficheiro de gravación audiovisual da sesión telemática, asinar e selar electronicamente as evidencias obtidas, incorporar unha serie de metadatos á gravación audiovisual, custodiar o ficheiro da gravación audiovisual e as súas evidencias de forma segura, ou outras operacións de índole similar.

Quinta. Sistema de identificación de asistentes.

Para a válida constitución e celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia a través de medios electrónicos e telemáticos, os membros que participen nestas sesións deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade.

Para iso, acreditarase a identidade de cada un dos asistentes, ben mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico, ben polo Secretario Xeral do Concello, mediante a previa remisión ou a exhibición directa de documentación, por coñecemento persoal ou por calquera outro medio que o Secretario Xeral considere idóneo.

Sexta. Desenvolvemento da sesión.

Fixada a hora de inicio da sesión, os membros que participen nas mesmas deberán estar dispoñibles dez minutos antes, co fin de que por parte de Secretaría constátese o quórum necesario para o desenvolvemento da sesión. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión polo que deberá darse fe da identidade dos membros por parte da Secretaría. Constatado o quórum pola Alcaldía iniciará a sesión. A Alcaldía tomará a palabra ao comezo de cada punto, moderando a quenda de intervencións e cedendo á súa vez a palabra aos concelleiros que así o soliciten de forma inequívoca, a fin de que se desenvolva o debate con normalidade de acordo coas regras xerais



reguladoras do desenvolvemento dos Plenos.

Durante toda a sesión, deberase asegurar a comunicación entre os membros participantes en tempo real, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

No caso de que, durante o transcurso da sesión, a comunicación para algún dos asistentes véxase interrompida por fallos técnicos, considerárase como abandono do salón de sesións da Casa Consistorial.

Poderanse presentar dúas situacións:

1. Desconexión puntual: se a falta de conexión é puntual, de forma que se perde, pero recupérase pasados uns instantes, por parte de Secretaría consígnase na acta esta situación, con indicación da hora á que se produce a ausencia virtual da sesión e a hora a que se produce o reingresso.

Así, poderanse dar diferentes escenarios atendendo ao momento exacto no que se produce a desconexión:

a) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez iniciada a votación, o asistente á sesión non poderá votar, polo que computará o seu voto como abstención. Ademais, apuntárase na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación (o artigo 98.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que iniciada a votación ningún membro corporativo pode ingresar nin abandonar a sesión).

b) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez finalizada a votación, o voto do asistente á sesión tamén computará como abstención.

c) Se se produce a desconexión unha vez iniciada a votación, se o asistente á sesión votou, cabe entender que o seu voto é válido, se non votou, computará como abstención.

d) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase durante o transcurso de varios puntos da orde do día despois, no punto en que se produce a desconexión, o voto do asistente á sesión computará como abstención. Nos puntos nos que perdure desconectado, nin votará nin computará o seu voto, simplemente permanecerá como ausente, sendo a votación o resultado dos votos favorables, contrarios e abstencións dos asistentes.

e) Cando se recupere a conexión, ingresarase na sesión no punto da orde do día en que esta se atope. Se non se comezou aínda a votación, poderá votar con toda normalidade. Se comezou a votación, o asistente á sesión non poderá votar, pero computará como abstención, indicándose na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación.

2. Desconexión definitiva: a desconexión definitiva equipárase ao abandono definitivo da sesión. Neste caso, poderanse presentar os seguintes escenarios:

a) Se a desconexión prodúcese unha vez iniciado un punto da orde do día e xa non se recupera, indícase na acta. En canto á votación dese punto, computará como abstención. No resto dos puntos, non computará a votación.

b) Se a desconexión prodúcese unha vez acabado un punto da orde do día, pero antes de iniciarse o seguinte, e xa non se recupera, igualmente reflectirase na acta sen que compute desde ese momento, a ningún efecto.

Se durante a sesión prodúcese a desconexión puntual do alcalde, secretario ou un grupo maior do terzo legal de concelleiros automaticamente considerárase un receso que se restablecerá en canto se recupere a conexión, e que de persistir no tempo suporá un aprazamento da sesión ata que se fixe novo día e hora polo Alcalde.

Sétima. Sistema de emisión do voto.

Para que poida garantirse o sentido do voto das decisións que se tratan nas sesións, e ao obxecto de que non se produzan erros técnicos, óptase por levar a cabo un sistema de votación individual que consistirá en preguntar, por parte da Secretaría, a cada un dos asistentes o sentido do seu voto (a favor, en contra ou abstención), de maneira que por parte de Secretaría verifíquese a autenticidade de cada unha das manifestacións feitas polos membros asistentes, á vez que deixa constancia diso.



Unha vez constatado o resultado das votacións, por parte de Secretaría informárase en voz alta do quórum obtido, sen prexuízo de que posteriormente por parte de Alcaldía verifíquese se se entende aprobado ou non o acordo.

Durante todo o proceso de votación, deberá garantirse a autenticidade do voto e a liberdade para emitilo.

Oitava. Do carácter público das sesións.

Para dar cumprimento ao carácter público das sesións e sempre que sexa posible estas poderán ser retransmitidas en streaming para a cidadanía a través da sede electrónica do Concello e nas redes sociais do municipio.

En calquera caso, unha vez terminada, publicárase o vídeo da sesión na páxina web do concello”.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 21 de setembro (núm. 1.961) ata o 23 de outubro do 2020 (núm. 2.231).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, déraselles traslado aos membros da Corporación para os efectos da dación de conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de setembro (núm. 1.961, do expediente 2020/G003/002050) ata o 23 de outubro do 2020 (núm. 2.231, do expediente 2020/G003/002346), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

No transcurso da sesión, o alcalde dá paso a tratar as mocións antes que este apartado do punto, pero do que se dá conta coa normalidade habitual logo de tratarse as mocións e antes do apartado dos rogos e preguntas.

B.- Mocións.

1ª.- Moción para instar o Goberno a que ingrese as contías do IVE non liquidadas correspondentes o exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Subministro Inmediato de Información (SII).

O sr. Tellado xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do Partido Popular o 28/10/2020 (núm. Rexistro 202099900003422).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade dos asistentes.

Seguidamente o sr. Tellado procede a ler a dita moción, que a continuación reproducéase integramente:

<<MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AL GOBIERNO A QUE INGRESE LAS CUANTÍAS DEL IVA NO LIQUIDADAS CORRESPONDIENTES AL EJERCICIO 2017 COMO CONSECUENCIA DE LA IMPLANTACIÓN DEL SUMINISTRO INMEDIATO DE INFORMACIÓN (SII).

El Grupo Municipal Popular en el concello de Sada con arreglo a lo dispuesto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



En el año 2017 la Agencia Tributaria (AEAT) implantó un nuevo sistema de gestión del IVA basado en el **Suministro Inmediato de Información (SII)**, que posibilita llevar de forma casi inmediata los registros de facturación a través de la Sede Electrónica de la AEAT.

Sin embargo, en el informe anual de recaudación tributaria de la AEAT (año 2017) se constata que **este nuevo sistema de gestión del IVA provocó un desplazamiento de ingresos al ejercicio 2018**.

Así, expresamente dice el precitado informe de la AEAT: "La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaran en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. **En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos** (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios **significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones**".

Como consecuencia de la implantación de esta medida, la participación de las entidades locales en los Ingresos Tributarios del Estado (ITE) cayó de un modo significativo. Las cuantificaciones realizadas superan la cifra de los 750 millones de euros, de los que 54 millones le corresponderían a los 313 concellos y a las 4 diputaciones gallegas.

El desajuste contable deriva de una decisión tomada por el Ministerio de Hacienda cuyo impacto, en virtud del principio de lealtad institucional, debió de ser compensado en el ejercicio de la liquidación. Sin embargo, sucedió lo contrario, se obligó a las entidades locales a reintegrar unas importantes cuantías al Estado en virtud de una liquidación viciada por el efecto del SII (-32,8 millones de euros en el total de Galicia).

En el caso de nuestro concello la estimación de entregas a cuenta del año 2017 fue de 2.784.479.- € y la participación en los ITE tras la implantación SII se redujo a 2.701.314,12 € lo que nos obligó a reintegrar al Estado - 83.164,98€. Por lo tanto, el Estado debería devolvernos esta cuantía, así como ingresarnos los 59.777,75€ que nos corresponderían por la liquidación en la Participación en los Ingresos Tributarios del Estado si no se aplicase o SII. Esto haría un total de 142.942,73€ (83.164,98 + 59.777,75).

La FEGAMP y la FEMP reclamaron en varias ocasiones al Ministerio de Hacienda una solución a esta problemática, asegurando sus máximos representantes que esta situación no tenía "justificación real" o que "ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA".

Sin embargo, los meses pasan y en estos momentos los concellos necesitamos no sólo recuperar unos ingresos que legítimamente nos pertenecen, sino también liquidez para hacer frente a las necesidades sanitarias y sociales derivadas de la pandemia.

Estamos ante una situación injusta y perjudicial para los municipios gallegos que vemos disminuida nuestra capacidad de financiación y nuestros recursos.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular en el concello de Sada, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDOS

1. "Declarar el apoyo de este concello a las reivindicaciones de la FEGAMP y de la FEMP para que el Gobierno de España ingrese a las entidades locales las cuantías del Impuesto sobre el Valor Añadido (IVA) no liquidadas correspondientes al ejercicio 2017 como consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII).
2. Instar al Ministerio de Hacienda a que ingrese a este concello 142.941,73€ en concepto de cantidad no liquidada de IVA correspondiente al ejercicio 2017 como consecuencia de la implantación del Suministro Inmediato de Información (SII).
3. Dar traslado de estos acuerdos al Ministerio de Hacienda, a la Xunta de Galicia, a la FEGAMP y a la FEMP">>.

O sr. Blanco Montero, do grupo municipal Socialista, di que queren propór unha emenda; o Presidente di que o grupo do Goberno (SM, BNG, AV) tamén ten outra.

O sr. Blanco Montero expón a súa proposta de emenda; seguidamente, a sra. Taibo, polo grupo do Goberno, fai unha exposición para os efectos, expresa que lle semella acida a proposta de emenda anterior, retira polo tanto a que tiñan preparada os grupos do Goberno e anuncia que están a favor de apoiar a presentada polo grupo municipal Socialista. O sr. Tellado amosa a súa desconformidade coa emenda e insiste en solicitar o apoio á moción.

No debate interveñen tamén, ademais dos anteriores, a sra. Nogareda, polo grupo municipal de Alternativa dos Veciños; e a sra. Reimúndez, polo grupo municipal do BNG.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.



Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto da emenda do grupo municipal Socialista, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a habilitar, de maneira inmediata, un Fondo Extraordinario para as Entidades Locais, que garanta facer fronte a todas as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.

2.- Instar ao Goberno do Estado ao seguinte:

a) Habilitar, de maneira inmediata, un Fondo Extraordinario para as entidades locais que garanta facer fronte as necesidades postas de manifesto pola crise da COVID-19.

b) Conforme ao acordo adoptado por unanimidade na X Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada o día 29 de novembro de 2019, e segundo o disposto na resolución Décimo Sexta do Relatorio “Financiamento, competencias e servizos”, reitérase a solicitude para que se adopten fórmulas para compensar as perdas na liquidación definitiva da PIE correspondente ao ano 2017 derivadas da entrada en vigor do sistema de información inmediata do IVE (efecto SII) cuantificada no caso das entidades locais galegas en máis de 50 millóns de euros.

c) Flexibilizar a disposición da totalidade dos remanentes de Tesourería das entidades locais a calquera clase de investimento que redunde en beneficio da comunidade e de gastos non financeiros.

d) Modificar a lexislación en materia de estabilidade financeira que afecta ás entidades locais (flexibilización da regra de gasto, regulación e límites do endebedamento local e outras cuestións relativas a esta normativa), en consonancia cos acordos adoptados na Asemblea Xeral da FEGAMP do día 29 de Novembro de 2019.

2ª.- Moción relativa o Plan de Xestión do Xabaryl.

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal Socialista o 27/10/2020 (núm. Rexistro 202099900003398).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (5 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade dos asistentes.

A sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducécese integramente:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), RELATIVA AO PLAN XESTIÓN DO XABARIL, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA

Nos últimos anos as noticias dos danos producidos polo xabaryl son continuas e nestas datas despois da situación de confinamento vivida trala chegada do COVID19, agrávoase a situación. O xabaryl leva moito tempo entre nós como testemuñan os documentos históricos, esculturas e outros elementos sobranceiros da nosa cultura material e inmaterial. Este mamífero que ten unha gran capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural que ten: o lobo.



En paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria. Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñado de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre animais e actividade agrogandeira que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

A presenza do xabaril, ponse xa de manifesto ata en zonas urbanas como denuncian multitude de alcaldes que denuncian os danos que este animal xera nas súas zonas verdes e a inseguridade que xera na súa poboación. O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro de 2019 producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este animal, máis de sete ao día.

No 2019 os danos causados nos cultivos de horta e forraxe, especialmente no millo, foron moi elevados, causando que algúns gandeiros abandonaran o millo por outras alternativas ou simplemente por non plantalo. O deixamento da administración autonómica fixo que dende o ano 2016 ata o 2019, outra vez coincidindo coa convocatoria de eleccións o goberno galego renunciase a convocar as axudas polos danos ocasionados polo xabaril en cultivos agrícolas e visualizar o esperpento da Consellería coas cartas enviadas a poucos días das eleccións anunciando a aprobación de axudas económicas para a prevención de danos causados por lobos e xabaris que foran denegadas no mes de xuño e todo sen indicar orzamento nin prazos para levalo a cabo.

Por outra banda, os cidadáns que estes días teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a repetirse as chamadas de xeito infrutuoso. Isto está a facer que as persoas afectadas polos danos da fauna salvaxe que queiran solicitar axudas de indemnización dos danos á Xunta de Galicia non poidan iniciar a tramitación do expediente e se lles cancele o prazo; xa que a propia "Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2020" establece que os afectados e as afectadas teñen 72 horas de prazo para dar parte no sistema telefónico de avisos do 012; a través do cal se lles asigna número de expediente, concértase a visita de inspección de danos polos axentes medioambientais, e o inicio do prazo de presentación da solicitude.

Fai poucas datas confirmouse o primeiro caso confirmado de Peste Porcina Africana (ou PPA) polo Ministerio de Agricultura de Alemaña, transmitido por un xabaril salvaxe localizado na fronteira con Polonia. Feito que xa provocou o peche das exportacións de porcino alemán a mercados asiáticos como Corea do Sur.

Este incidente fixo saltar xa todas as alarmas no sector porcino español. Aínda que esta enfermidade só afecta aos porcos e en ningún caso ten efecto algún sobre a saúde das persoas, obriga a unha serie de controis moi exhaustivos para o seu control, o que implicaría igualmente o cese inmediato das exportacións no caso de que se dese unha situación análoga no noso país.

Hai que ter en conta que detrás de Estados Unidos e Alemaña, España é o terceiro país exportador mundial de carne de porcino. Especialmente ao mercado chinés, onde precisamente a presenza da PPA nos últimos anos supuxo unha brusca caída da produción de carne de porcino, un importantísimo tirón das exportacións mundiais cara ao mercado chinés e unha alza de ata o 46% no prezo da carne de porco así como risco de desabastecemento. A facturación das exportacións do sector porcino español superaron os 6.200 millóns de euros no ano 2019.

Unha chegada da PPA a Galicia por unha mala xestión das poboacións de xabaril, impactaría de xeito dramático no sector porcino galego, que actualmente exporta ata un 70% da súa produción cara o exterior, supón 1,2 millóns de cabezas e 25.500 explotacións; das cales unhas 1.150 son profesionais con vocación exportadora. A facturación das exportacións do sector porcino galego superaron os 95 millóns de euros no ano 2019.

As Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente, con competencias en sanidade animal e no control das poboacións de xabaril, deben elaborar unha estratexia que faga da prevención da PPA unha das súas prioridades, debemos contar cun plan serio de control das poboacións de xabaril, actualmente descontroladas e en expansión e extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puideran vir contaminadas co virus, ademais de ter un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Sada somete a votación a seguinte **MOCION** para ser aprobada en Pleno:

O Pleno do Concello de Sada insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha un Plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.
- Poñer en marcha un Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.
- Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabaris nos cultivos, poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas por dito colapso que non puideron tramitar as axudas por dito motivo.
- Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puideran vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un Plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia>>>.



A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV); a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Salorio (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; o sr. Fariña (SM); e a sra. Pardo (PSOE).

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo do debate vótase a moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: 5 (PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Sada insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

- Poñer en marcha un Plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.
- Poñer en marcha un Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.
- Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabarís nos cultivos, poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas por dito colapso que non puideron tramitar as axudas por dito motivo.
- Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puideran vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un Plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero (PSOE) efectúa os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que se proceda sen máis dilacións ao aboamento das axudas ás Pemes e aos Autónomos.
- 2) Roga que se axilice a reforma ou promovan novos locais para o uso equitativo por parte da veciñanza.
- 3) Pregunta pola xestión da crise xerada logo de se coñecer un positivo pola Covid-19 dunha concelleira. O Presidente dá deseguido as explicacións para os efectos.
- 4) Pregunta pola situación actual do proxecto deportivo de Mondego. Dá resposta a sra. Nogareda, concelleira delegada de Educación e Deporte; intervén tamén o Presidente.
- 5) Pregunta, logo da súa reforma, polo destino que se lles van dar aos coñecidos coma vestiarios do Paseo Marítimo. Contestan a sra. Nogareda e a sra. Mondaca, concelleira delegada de Cultura.

A sra. Pardo (PSOE) fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que se mellore o sistema de iluminación pública no que atinxe á zona da Galiña Azul, o colexio Pedro Barrié de la Maza e o Centro de Día.
- 2) Roga que se proceda á reordenación do bordo litoral, dende o Porto ata o Curruncho, comezando pola rúa da Praia e aproveitando os fondos POS da Deputación para os efectos.
- 3) Roga que non se discrimine á rúa da Praia mantendo pechados alí os aseos públicos mentres que outros están abertos.
- 4) Pregunta se non creen que sería mellor non continuar coa programación do Samaín na Casa da Cultura dado o contexto de espazo pechado na situación actual da pandemia mundial. Contesta a sra. Mondaca, concelleira delegada de Cultura.



5) Pregunta se está previsto trasladar as instalacións da Aula Cemit fóra da Casa da Xuventude. Contesta a sra. Mouriño, concelleira delegada de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas Tecnoloxías.

6) Pregunta se hai algo avanzado con respecto da inxusta situación fiscal dos hostaleiros da rúa da Praia e da Avenida do Porto posta de manifesto por ela na sesión do pasado 24 de setembro. Contesta o Presidente e prodúcese un amplo debate entre os dous.

O Presidente dálle a palabra á sra. Rodríguez, concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo e Emprego, quen dá explicacións con relación ao programa de axudas Sada Activa, de axudas para autónomos e pemes, sobre o que preguntara o sr. Blanco Montero.

O sr. García Cotelo (PP) pregunta que cantas facturas fóra de presuposto hai pendentes de pagamento e a que importe ascenden. Contesta o Presidente e anuncia que se traerán cuantificadas proximamente ao Pleno.

O sr. Tellado (PP) efectúa as seguintes preguntas:

1) Pregunta sobre a autoría dunhas obras nas rúas da Ponte e de Linares Rivas que afectan á canle norte e que non están nos proxectos que se lles facilitaron e polo tanto sen autorización de Augas de Galicia, se foi Unión Fenosa Distribución ou o propio Concello.

2) Pregunta se existe algún perigo para que haxa unhas vallas arredor do pozo de bombeo que se instalou nas inmediacións do campo de fútbol As Mariñas Andrés Pena, e cando teñen pensado recibir a dita obra.

O Presidente di que se lle dará resposta.

A sra. García (PP) efectúa os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga que se revise o estado das beirarrúas.

2) Roga á concelleira delegada de Educación que preste atención para que os beneficiarios cobren na súa totalidade as axudas para o transporte.

3) Roga que na medida do posible se envíe a documentación das sesións nun só envío e sen volver enviar o xa enviado antes.

4) Pregunta pola falta de aboamento puntual das subvencións ás asociacións deportivas. O Presidente dá unha explicación para os efectos e prodúcese un pequeno debate.

5) Pregunta finalmente polas asignacións aos concelleiros, que di que non se lles están a aboar.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 51 minutos do día xoves 29 de outubro do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.